



## FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

Curso 2024/25

### NORMA

### DESTINATARIOS/AS

*ORDE do 7 de maio de 2024 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan as axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/25 (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H).*

- **Fondo solidario de libros de texto** destinadas ao alumnado matriculado en 3º, 4º, de Educación Primaria. (5º e 6º de Primaria teñen libros dixitais do programa E-Dixgal).
- **Axudas para adquirir libros de texto** destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de educación primaria e en educación especial.
- **Axudas para adquirir material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.
- O alumnado matriculado nos centros e cursos (5º e 6º de Primaria) incluídos no **proxecto educación dixital (E-Dixgal)** no curso 2023/24 está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto.

Non obstante, poderán solicitar a axuda para adquirir material escolar cando reúna os requisitos establecidos na orde.



## LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse dende o **21 de maio ata o 21 de xuño de 2024**, ambos incluídos.

Cada familia presentará **unha única solicitude para todos os fillos/as** que estean admitidos no centro, e nela **indicarase o nivel que vai a cursar cada un deles no curso 2024/2025**.

### PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- Sede electrónica: <https://sede.xunta.gal>, procedemento **ED330B**-anexos I e II
- Aplicación fondolibros: <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>
- Presencialmente na secretaría do centro (no horario establecido para este procedemento)

## DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA A TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

As persoas interesadas deberán achegar coa **solicitude (Anexo I)** a seguinte documentación:

- **Anexo II** para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar.
- **Copia do libro de familia** ou documento equivalente, onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- En caso de **separación ou divorcio**, ademais deberán achegar a **sentenza xudicial e/ou convenio regulador** onde conste a atribución da custodia do/da menor.
- Excepcionalmente, cando a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 da orde ou non sexa posible acreditar a súa composición polos medios anteriores, poderase xustificar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
  - 1º. Certificado ou volante de convivencia.
  - 2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- **Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia** non expedido pola Administración autonómica.
- Documentación **xustificativa da situación de violencia de xénero** no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cando o agresor forme parte da unidade familiar.
- Resolución xudicial constitutiva da curatela representativa ou resolución xudicial que estableza a patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.



- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE.

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro do 2022, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia exclusiva a unha das persoas proxenitoras, nos casos de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica, e nos casos de falecemento dalgunha das persoas proxenitoras.

### PRAZOS A TER EN CONTA NA CONVOCATORIA

- **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** do 21 de maio ata o **21 de xuño** de 2024.
- **DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE FONDO SOLIDARIO (3º, 4º Primaria):** ata o 18 de xuño.
- **PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS de 3º, 4º de EP:** **9 de xullo.**
- **RECLAMACIÓNS**  
Nos dous días seguintes aos da publicación da listaxe provisional.
- **PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS de 3º, 4º de EP:** **15 de xullo.**
- **ENTREGA DE VALES PARA MATERIAL E AXUDA DE LIBROS DE TEXTO:** **por determinar, informarase a través de Abalar Móbil.**
- **ENTREGA DE LIBROS DE TEXTO**

A entrega de libros de texto realizarase no mes de setembro.



## INFORMACIÓN ADICIONAL: RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR

**Renda per cápita da unidade familiar: renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2022 dividido entre o número de membros computables.**

- Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2022, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados, no certificado de imputacións de renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- As persoas sen residencia fiscal en España no ano 2022 deberán acreditar os seus ingresos no país de orixe mediante nóminas, xustificantes de pensión, xustificantes de rendementos bancarios ou calquera outro documento acreditativo. No caso de carecer desta documentación ou se non obtiveran ingresos deberán presentar unha declaración responsable dos ingresos da unidade familiar.
- Nos casos de violencia de xénero non se incluírá ao agresor na solicitude e, polo tanto, non se terán en conta os seus ingresos para determinar a renda per cápita. Tampouco se terán en conta os ingresos do outro proxenitor nos casos de custodia exclusiva e os do proxenitor falecido.

### **Membros computables da unidade familiar:**

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero, o outro proxenitor cando a custodia sexa exclusiva nin o proxenitor falecido.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2022, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos dous proxenitores e nos casos de violencia de xénero que se aplicará o



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**C.E.I.P. A ESCARDIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Avda. López Ballesteros, s/n 36600-Vilagarcía de Arousa  
Telf. 886151861/ Fax: 886151862 Correo electrónico: ceip.escardia@edu.xunta.es

disposto na súa lexislación específica, e nos casos de falecemento dalgunha das persoas proxenitoras.



## CADRO RESUMO DAS AXUDAS

	Renda per cápita familiar				Calquera renda per cápita												
	≤ 6.000€		> 6.000 e ≤ 10.000€		≤ 6.000€		> 6.000 e ≤ 10.000€		En garda ou tutela da Xunta	Discapacidade ≥ 65%		Educación especial					
	Libros de texto		Material		Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros	Material	Libros	Material					
1º e 2º EP	240€		160€				240€		300€								
3º, 4º, 5º e 6º EP ou ESO	Fondo: 6 libros <sup>(1)</sup>		Fondo: 4 libros <sup>(1)</sup>		75€	60€	Fondo: 6 libros <sup>(1)</sup>	75€	Fondo: 6 libros <sup>(1)</sup> ou: 300 € <sup>(2)</sup>	75 €	300 €	75 €					
Alumnado con NEAE – EP <sup>(3)</sup>	240€		160€				240€										
Alumnado con NEAE – ESO <sup>(3)</sup>	270€		180€				270€										

<sup>(1)</sup> O número de libros que se indica é o mínimo garantido, pero poderá incrementarse se houbera existencias suficientes no centro.

<sup>(2)</sup> O alumnado cunha discapacidade ≥ 65 % matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º EP ou 1º, 2º, 3º e 4º da ESO que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario do centro, recibirá a axuda para libros, e poderá adquirir libros doutros cursos ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 1ª).

<sup>(3)</sup> O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros axeitados no fondo solidario en ningún curso, o centro expediralles un vale, co que poderá adquirir libros ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 2ª).

Esta situación deberá acreditarse cun informe do centro onde se xustifique a necesidade de adquirir o material indicado para o alumno e a imposibilidade de empregar os libros de texto do fondo solidario de calquera curso, que debe quedar arquivado xunto coa solicitude.